

## ¿NÓS XENÓFOBOS? EN ABSOLUTO

(Texto de Christophe Hein lido nunha concentración contra o racismo  
e a xenofobia que se celebrou en Alemaña)

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ [trad.]

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración  
Universidade de Santiago de Compostela

Nós non somos xenófobos. Nós non lle temos medo á cor da vosa pel nin á vosa relixión, respectámolo-a vosa cultura que non coñecemos pero que nos interesa moito. O problema está en que nós odiámo-la pobreza. Desgraciadamente, esa é a verdade, unha parte de vós sodes particularmente pobres. Nós témo-lo bacilo da vosa pobreza, temos medo de nos contaminar, de collelo. Temos un medo atroz de nos converter en pobres. E non é completamente indiferente que o portador do bacilo sexa un estranxeiro ou un alemán. Tamén lles temos medo ós sen teito e ós pobres que son alemáns coma nós. Tentamos integralos na nosa sociedade. Pero cando non é posible é porque están demasiado rotos, usados, cascados a causa da súa pobreza, ou porque son moitos e polo tanto non podemos acollelos sen poñermonos en perigo, sen facer periga-la nosa prosperidade e a da nosa sociedade. Neste caso tomámola con eles, queimámoslle-las súas casas de acolemento e matámoslos mentres dormen á intemperie, nos bancos públicos.

Pero, jollo!, non é o odio ó estranxeiro o que nos incita á violencia contra vós. En absoluto, o que nos incita a iso é o odio á pobreza.

Queremos conserva-la nosa prosperidade, mesmo aínda que sexa modesta. Por ela debemos defendernos fronte a vós. Sen sabelo comezastes a facérno-la guerra. O voso mundo ataca, ameaza ó noso. Se non nos defendemos, o noso mundo industrializado que nos é tan precioso e ó que non queremos renunciar vai afundir, vaise sumir no voso terceiro mundo. Nós temos piedade da vosa pobreza. As imaxes dos vosos países aflíxennos, énchennos de

estupor, e o espectáculo da vosa nudez, da vosa miseria, esnaquízano-lo corazón. Mesmo a miúdo evitamos ve-los telexornais, as últimas novas para non cruzarnos con vós, cando ó mesmo tempo estamos a ve-los ricos andeis dos nosos almacéns, dos nosos supermercados. Contempla-los vosos farrapos e mailos vosos ollos fainos mal de máis. Non pensedes que somos cínicos, ¡diso nada!, en absoluto. Comprendédenos, por favor, temos piedade de vós, pero estamos na obriga de defende-la nosa sociedade; estamos na obriga de pechar con sete chaves as nosas casas, os nosos apartamentos —que vos parecen pazos— para prohibírvos la entrada. Pois se nós perdemos este combate, esta guerra en contra vosa, as nosas cidades hanse converter en fabelas, arrabaldos de chabolas e latas. Se o noso mundo se mestura co voso afundirse. A nosa riqueza desaparecerá sen deixar trazo coma un balde de auga no océano da vosa miseria.

Debemos defende-la nosa prosperidade e a nosa cultura fronte a vós, se non queremos perdernos nós mesmos. E nós habémonos defender coa mesma cobiza, coa mesma firmeza ca vós, que evidentemente rexeitades soportar por máis tempo a vosa pobreza.

A poboación dos Estados Unidos representa o 5% do globo e requiere o 27% dos recursos do planeta. Nós os europeos (10%) consumimos, xunto cos americanos do Norte, bastante máis da metade do total dos recursos naturais. A nosa riqueza non ten nada que ver co luxo, pois é máis ben modesta. Para satisfacer las nosas necesidades precisamos un apartamento, un coche, un refrixerador, un pouco de papel. Non podemos, xa que suporía

a nosa perdición, permitirvos que satisfagáde-las vosas necesidades como nós satisfacémo-las nosas.

A nosa poboación utiliza cada ano 230 Kgs. de papel por persoa. Se vos deixamos utilizar a vós tanto papel, nunhas decenas de anos sería o fin da flora que nos é indispensable para vivir, e sería tamén o fin da supervivencia da fauna da cal depende a flora. Se cada un de vós posúe un refrixerador ou utiliza aerosis, a capa de ozono sería irremediablemente destruída, antes de que vós puidedes paga-las letras do voso electrodoméstico. E tamén, se cada un de vós tivese un apartamento e un coche, iso suporfa a desaparición das praderías e dos bosques; os nosos nenos xa non terían terreo para xogar.

Sodes vós os que abríste-las hostilidades: nós, nós debemos defendernos. Como un muro de pedra non é sólido abondo e non pode converterse nunha muralla contra a miseria do mundo, nós elixímo-lo mellor dos materiais que posuímos, o máis sólido, e creamos un muro que ningúen ha poder vencer: un muro de diñeiro.

Vide onda nós se estades dispostos a investir. Pero se esta non é a vosa intención, quedade alá onde esteades. Pero, se áñada estades dispostos a vir consideraremos que é un acto de hostilidade e habemos toma-las medidas que se impoñen. Sen embargo, nós non sómo-los culpables. Vós sóde-los culpables, culpables da vosa falta de entusiasmo para investi-lo voso diñeiro na nosa economía.

O que vén ó mundo nun cortello e deitano nun pesebre no canto dun berce, nós crucificámolo porque temos medio de ter que deitar un dfa os nosos fillos nun cortello. (E se para evitar este destino ó seu fillo vostede aborta, nós, precisamente por iso, habémolo

crucificar por abortar). Pois o noso Deus dinos: "O que lle facedes ó máis pequeno dos meus irmáns, é a min a quen llo facedes".

Nós non vos perseguimos por serdes estranxeiros. No noso país tamén o Norte e o Oeste, que son as zonas más ricas, revíranse contra o Leste e o Sur. Pero, se este combate é menos brutal, é simplemente porque as diferencias de nivel de vida entre as devanditas zonas son menos brutais. E cando insultámo-los estranxeiros de orixe alemana, cando os tratamos coma preguiceiros, asociais, cando denunciámo-los seus cheiros e as súas choromicadas, simplemente queremos dicir que son pobres.

Cando os estranxeiros se queixan de que están mal, nós replicámossalles que non é para tanto pois polo menos poden queixarse. E se nos responden que nós os temos espoliado a eles e ó seu mundo, mandámolos a rañala.

Os nosos compatriotas más pobres séntense ameazados pola vosa pobreza que é moito maior ca nosa. Os nosos pobres serán as primeiras vítimas da vosa pobreza se non nos defendemos. Nós non somos hostís cos estranxeiros. Somos civilizados abondo para encontrar lexítimo que reivindiquéde-los Dereitos Humanos. Pero como a vosa reivindicación supón unha ameaza para o noso benestar e tentades impoñelos a pesar de todo, iso supón iniciar unha guerra en contra nosa sen tela declarado. Nós defenderémonos. Defenderémonos por medo á vosa pobreza, por medo de ter que compartila algún día.

"Garanti-la vosa liberdade, esta é a nosa misión" (lema da placa commemorativa do 17 de xuño de 1953 na rúa Liberdade en Berlín), "pero o diñeiro falta" (Höderlin).